

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 12 DE XUÑO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:05 horas do día 12 de xuño de 2019, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 10 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Jesús López Moure (asiste ao punto 2b)
D. José Ignacio Oliveira López (asiste ao punto 13)
D^a. Susana González Ramírez (asiste ao punto 2a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (261-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral que se transcribe a continuación:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 13-05-2019, para a contratación por procedemento aberto do “Subministro de gas natural canalizado para as distintas instalacións e dependencias de titularidade do Concello de Vigo. EXPTE. 261-441” que rematou o día 10 de xuño do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:

1. ALDRO
2. ENDESA ENERGIA SAU
3. MULTIENERGIA VERDE, S.L.
4. GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A (Nº DOC. 190087243)
5. GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A (Nº DOC. 190087318)”

Aclárase que se ben no Rexistro Xeral constan presentados dous documentos de GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., na plataforma de licitación electrónica só consta a



última proposición presentada por este licitador dentro do prazo, entendéndose retirada a anterior.

Pregúntase aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ENDESA ENERGÍA SAU
2. GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.

- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberán achegar o anexo VI ao PCAP "grupo de empresas" esixido na cláusula 14.2 A:

- ALDRO
- MULTIENERGÍA VERDE, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral que se transcribe a continuación:

"Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 13-05-2019, para a contratación por procedemento aberto da "Prestación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no Auditorio Municipal da Casa do Concello. EXPTE. 2319-330" que rematou o día 10 de xuño do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:

1. SACAFERRO, S.L. (Nº DOC. 190087458)
2. SACAFERRO, S.L. (Nº DOC. 190087463)
3. FLUGE GALICIA
4. PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.
5. SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U."

Aclárase que se ben no Rexistro Xeral constan presentados dous documentos de SACAFERRO, S.L., na plataforma de licitación electrónica só consta a última proposición presentada por este licitador dentro do prazo, entendéndose retirada a anterior.

Pregúntase aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:12	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA64E-EBCD4E-35E5DA-417231-SJ63BF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. FLUGE GALICIA
 2. SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberán achegar o anexo VII ao PCAP "grupo de empresas" esixido na cláusula 14.2 A:
 - SACAFERRO, S.L.
 - PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa de Contratación acordou conceder un prazo a dous dos licitadores para que poidan emendar a documentación persoal.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de procurador dos tribunais do Concello de Vigo no partido xudicial de Madrid e perante órganos xurisdiccionais e especiais con sede nesa Cidade (11.999-111) (entrega informe sobre A)

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área Xudicial da Asesoría Xurídica o 7 de xuño de 2019 de valoración do sobre A "proposición avaliable mediante xuízo de valor". A Mesa comproba que os dous licitadores cumpren cos requisitos de presentación da documentación esixidos no PCAP e acepta, por unanimidade, o referido informe.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gas natural para os colexios públicos, escolas infantís municipais, pazo de congresos e dependencias do Concello de Vigo (261-441)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa de Contratación acordou conceder un prazo a dous dos licitadores para que poidan emendar a documentación persoal.

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de procurador dos tribunais do Concello de Vigo no partido xudicial de Madrid e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:12	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA64E-EBCD4E-35E5DA-417231-SJ63BF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

perante órganos xurisdicionais e especiais con sede nesa Cidade (11.999-111)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	% redución aranceis	Formación, labor docente e doutrinal				
			Asistencia cursos	Impartición clases ou titorías en cursos/másters ou corporativos, ou participación como poñente	Participación como poñente en congresos e seminarios	Asistencia congresos ou xornadas	Publicación artigos doutrinais ou colaboraciónen revistas ou publicacións xurídicas
1	MARIA DEL MAR DE VILLA, S.L.	12%	5 ¹	1 ²	5 ³	1 ⁴	2 ⁵
2	MIGUEL TORRES ALVAREZ	12%	-	-		-	-

Os dous licitadores se comprometen na súa proposición a designar un procurador colexiado que substitúa o adxudicatario no caso de imposibilidade para o exercicio das prestacións obxecto do contrato

¹ “Curso de Arbitraje”, “Título de Mediación civil-mercantil”, “Taller práctico de mediación” e “Título de Profesor-Tutor”

² Curso tutor-profesor y prácticas alumnos del ICPM

³ Ponente como Procuradora en el 1º Congreso de Mujeres Juristas del ICPM; Ponente en el Ayuntamiento de San Agustín de Guadalix (Madrid) el día de la Mujer Trabajadora; Ponencia Mujer, derecho y deporte; Ponente en el Centro de Estudios ALITER de mujeres empresarias, directivas y ejecutivas; Ponencia La historia de los Procuradores.

⁴ XIII Congreso Nacional de Procuradores Córdoba junio de 2012

⁵ Revista Digital con la encargada de la publicación de la sección de deportes. Revista Jurídica el Derecho Editores. Resumen y valoración de sentencias.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

13.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341)

Dáse conta do recurso especial en materia de contratación interposto por D. David García-Plata González en representación de EULEN, S.A. contra os pregos que rexen esta contratación, así como da medida cautelar de suspensión adoptado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia nº



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:12	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA64E-EBCD4E-35E5DA-417231-SJ63BF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



96/2019 (recurso nº 153/2019).

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 06:12	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA64E-EBCD4E-35E5DA-417231-SJ63BF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		